

PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
MATEMÁTICAS
2021-2022

1. **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN...3**
2. **CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO...5**
3. **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS...5**
4. **OBXECTIVOS DA ESO...11**
5. **OBXECTIVOS DO BACHARELATO...13**
6. **OBXECTIVOS POR NIVEIS (ESO)...15**
7. **RELACIÓN DOS CONTIDOS COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E AS COMPETENCIAS. TEMPORALIZACIÓN. PONDERACIÓN DOS ESTÁNDARES...37**
8. **CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS...170**
9. **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS...171**
10. **CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN...171**
11. **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE...174**
12. **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES...177**
13. **DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS...178**
14. **MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE...179**
15. **CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS...181**
16. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR...183**
17. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC...184**
18. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA...184**
19. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO...184**
20. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES...185**
21. **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA...185**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O I.E.S. Soutomaior atópase en Arcade (Soutomaior). Neste centro impártese E.S.O. e Bacharelato.

O municipio de Soutomaior é fundamentalmente rural. A poboación activa compaxina a agricultura con outras actividades asalariadas que se desenvolven noutros concellos.

Segundo os datos das enquisas realizadas as familias, o nivel socioeconómico cultural do contorno considérase medio - baixo.

No ámbito social, temos que destacar a presenza dun importante grupo de poboación inmigrante procedente sobre todo de Marrocos, o que se reflicte nunha porcentaxe de alumnado desta procedencia no centro.

Este centro dispón de pantallas dixitais na maioría das aulas, unha biblioteca, aula de informática, laboratorios e aula de tecnoloxía, plástica e música. Durante este curso, dadas as circunstancias, algunhas destas aulas, utilizaranse como aula de uso xeral. O alumnado pode utilizar a Biblioteca Municipal.

Nalgunhas das localidades do concello non hai boa cobertura. Unha parte do alumnado tampouco dispón de medios tecnolóxicos. Durante as primeiras semanas de curso localizarase a esta parte do alumnado para que, no caso de que non haxa clases presenciais, proporcionarlle medios para traballar. En calquera caso, isto último non depende do Departamento.

A seguinte Programación elabórase en base a LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa).

Para desenvolver a programación considéranse as seguintes disposicións legais:

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- **Real Decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 124/2007**, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo
- **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- **Resolución do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, pola que se ditan instrucións para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Resolución do 1 de setembro do 2021**, pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

A LOMCE xorde como resposta a unha serie de retos educativos aos que se pretende dar resposta coa consecución dos seguintes obxectivos:

PRINCIPAIS RETOS EDUCATIVOS	OBXECTIVOS DA LOMCE
<p>Elevadas taxas de abandono escolar temperán.</p> <p>Baixo nivel formativo en relación cos estándares internacionais (PISA, ...).</p> <p>Reducido número de alumnado que acada a excelencia.</p> <p>Inadecuación do sistema educativo ante as novas demandas de formación.</p>	<p>Encouzar os estudantes cara a traxectorias adecuadas as súas potencialidades.</p> <p>Mellorar os resultados aumentando o número de titulados da ESO.</p> <p>Elevar os niveis de educación e aumentar o número de alumnos excelentes.</p> <p>Mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor do</p>

	alumnado.
--	-----------

2. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Matemáticas queda constituído por:

Titular	Nivel no que imparte clase
Dna. Catarina Quintana Martínez	2º Bac Mat Aplicadas + 1º Bac Mat Aplicadas + Reforzo 1º Bac Mat Aplic + 2º ESO (2 Grupos)
Dna. Sandra Santos Suárez (Xefa de estudos)	Métodos Estatísticos + 2º ESO
D Manuel Vilar Cendón	2º Bac Mat II + 1º Bac Mat I + Reforzo 1º Bac Mat I + 3º ESO + 1º ESO
Dna. Lucía Gargallo Rey	1º Bac Mat Aplicadas + 4º ESO (con tutoría) + 4º ESO Aplicadas + 1º ESO
Profesor/a interino/a 2	2º ESO (2 GRUPOS) + 3ESO Aplicadas
Dna. Marisa Veiga Santoro	1º Bac Mat I + Reforzo 1º Bac Mat I + 4º ESO + +3º ESO + 1º ESO

A reunión de Departamento fixouse os Martes de 18:10-19:10.

3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

Por **competencia clave** entenderemos as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo ás que se fará referencia nesta programación son as recollidas na Orde ECD/65/2015 e tamén aparecen no Decreto 86/2015:

- a) **Comunicación lingüística(CCL).**
- b) **Competencia dixital (CD).**
- c) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**
- d) **Aprender a aprender (CAA).**
- e) **Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- g) **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

Incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sostibilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas.

Traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

Tomar conciencia dos cambios producidos pola humanidade no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar

problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico - matemáticos.
Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática

Comunicación lingüística. É o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de xeito individual ou colectivo.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores:

Comprender o sentido dos textos escritos.
Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos.
Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital. Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun ámbito dixital.

Traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

Empregar distintas fontes para a busca de información.
Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais. Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento persoal e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas outras relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas. Implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade -entendida dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa-, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto. Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
Ser constante no traballo superando as dificultades.
Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos do tema.
Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender. A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.
Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.

Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. OBXECTIVOS DA ESO

OBXECTIVOS DA ESO	COMPETENCIAS CLAVE
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.

<p>entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p>	
<p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas.</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p>	<p>Comunicación lingüística.</p> <p>Competencia dixital</p> <p>Aprender a aprender.</p> <p>Competencias sociais e cívicas.</p>
<p>f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</p> <p>Comunicación lingüística.</p> <p>Aprender a aprender.</p>
<p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>	<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>Aprender a aprender.</p>
<p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</p>	<p>Comunicación lingüística.</p> <p>Conciencia e expresións culturais.</p> <p>Competencias sociais e cívicas.</p>

	Aprender a aprender.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	Conciencia e expresións culturais. Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas.
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas
n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas.

	Aprender a aprender.
ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.
o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.

5. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser capaz de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existente e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de maneira solidaria no desenvolvemento e na mellora da súa contorna social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

6. OBXECTIVOS POR NIVEIS DA ESO

OBXECTIVOS 1º ESO

<i>UD 1. OS NÚMEROS NATURALS. POTENCIAS E RAÍCES</i>
Coñecer distintos sistemas de numeración. Diferenciar os sistemas aditivos dos posicionais.
Coñecer a estrutura do sistema de numeración decimal.
Aproximar números naturais a unha orde de unidades determinada.
Calcular con eficacia.
Utilizar de forma adecuada a calculadora elemental.
Simplificar e resolver expresións con parénteses e operacións combinadas.
Afrontar con seguridade e constancia a resolución de problemas aritméticos
Coñecer o concepto de potencia de expoñente natural.
Manexar con soltura as propiedades elementais das potencias.
Coñecer o concepto de raíz cadrada e os procedementos para calculala.
Aplicar os conceptos aprendidos na resolución de problemas sinxelos.
<i>UD2. DIVISIBILIDADE</i>
Identificación das relacións de divisibilidade entre números naturais. Coñecemento dos números primos.
Coñecemento dos criterios de divisibilidade. Descomposición de números en factores primos.

Construción dos conceptos de máximo común divisor e mínimo común múltiplo e dominio dos procedementos para a súa obtención.

Aplicación dos coñecementos relativos á divisibilidade para resolver problemas.

UD 3. OS NÚMEROS ENTEIROS

Coñecer os números enteiros e a súa utilidade, diferenciándoos dos números naturais.

Ordenar os números enteiros e representalos na recta numérica.

Coñecer as operacións básicas con números enteiros e aplicarlas correctamente.

Manexar correctamente a prioridade de operacións e o uso de parénteses no ámbito dos números enteiros.

UD 4. OS NÚMEROS DECIMAIS

Coñecer a estrutura do sistema de numeración decimal.

Ordenar números decimais e representalos sobre a recta numérica.

Coñecer as operacións entre números decimais e manexalas con soltura.

Resolver problemas aritméticos con números decimais.

UNIDADE 5. AS FRACCIÓNS. OPERACIÓNS CON FRACCIÓNS

Coñecer, entender e utilizar os distintos conceptos de fracción.

Orde e comparación de fraccións.

Construír e aplicar os conceptos relativos á equivalencia de fraccións.

Resolver algúns problemas con fraccións

Reducir fraccións a común denominador, baseándose na equivalencia de fraccións.

Operar fraccións.

Resolver problemas con números fraccionarios.

UD 6. PROPORCIONALIDADE E PORCENTAXES

Identificar as relacións de proporcionalidade entre magnitudes.

Construír e interpretar táboas de valores correspondentes a pares de magnitudes proporcionais.

Coñecer e aplicar técnicas específicas para resolver problemas de proporcionalidade.

Comprender o concepto de porcentaxe e calcular porcentaxes directas.

Resolver problemas de porcentaxes.

UNIDADE 7. ÁLXEBRA

Traducir a linguaxe alxébrica enunciados, propiedades ou relacións matemáticas.

Coñecer e utilizar a nomenclatura relativa ás expresións alxébricas e os seus elementos.

Operar con monomios.

Coñecer, comprender e utilizar os conceptos e a nomenclatura relativa ás ecuacións e os seus elementos.

Resolver ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.

Utilizar as ecuacións como ferramentas para resolver problemas.

UD 8. FIGURAS XEOMÉTRICAS.

Recoñecer, medir, trazar e clasificar distintos tipos de ángulos e utilizar as relacións entre os ángulos nos polígonos e na circunferencia.

Operar con medidas de ángulos no sistema sesaxesimal.

Coñecer os distintos tipos de polígonos, a súa clasificación segundo o número de lados, distinguilos doutras figuras planas e identificar e debuxar neles relacións de simetría.

Coñecer as características dos triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares, os seus elementos, as súas relacións básicas e saber realizar cálculos e construcións baseados neles.

Coñecer os elementos da circunferencia, as súas relacións e as relacións de tanxencia entre recta e circunferencia e entre dúas circunferencias.

Coñecer e aplicar o teorema de Pitágoras.

Coñecer figuras espaciais sinxelas, identificalas e nomear os seus elementos fundamentais.

UNIDADE 9. ÁREAS E PERÍMETROS

Coñecer as unidades de lonxitude, de capacidade, peso e superficie do SMD e aplicalas como recursos para analizar, interpretar e representar o contorno.

Coñecer e aplicar os procedementos e as fórmulas para o cálculo directo de áreas e perímetros de figuras planas.

Obter áreas calculando, previamente, algún segmento mediante o teorema de Pitágoras.

UNIDADE 10. GRÁFICAS E FUNCIÓNS

Dominar a representación e a interpretación de puntos nuns eixes cartesianos.

Recoñecer e establecer relacións lineais entre puntos.

Interpretar puntos ou gráficas que responden a un contexto.

Representar funcións lineais sinxelas dadas pola súa ecuación.

UNIDADE 11. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE.

Coñecer o concepto de variable estatística e os seus tipos.

Elaborar e interpretar táboas estatísticas.

Representar graficamente información estatística dada mediante táboas e interpretala.

Coñecer e calcular os seguintes parámetros estatísticos: media, mediana, moda, percorrido e desviación media.

OBXECTIVOS 2º ESO

UD 1: DIVISIBILIDADE E NÚMEROS ENTEIROS

Saber aplicar os algoritmos que permiten estudar a divisibilidade dos números naturais e recoñecer os números primos e os números compostos.

Saber calcular o mínimo común múltiplo e o máximo común divisor de dous ou máis números aplicando a súa descomposición en factores primos.

Coñecer os números enteiros.

Representar e ordenar os números enteiros na recta graduada.

Realizar operacións con números enteiros.

Calcular expresións numéricas con e sen parénteses, aplicando a prioridade das operacións.

Resolver problemas usando números enteiros, divisores e múltiplos.

UD 2: FRACCIÓNS E DECIMAIS

Organizar a información numérica en forma de fraccións para facilitar a resolución de situacións problemáticas da vida cotiá.

Recoñecer a equivalencia de fraccións e obter a fracción irreducible.

Calcular o común denominador entre varias fraccións para ordenalas ou operar con elas.

Resolver operacións con fraccións.

Calcular expresións numéricas con fraccións, con e sen parénteses, aplicando a prioridade das operacións.

Recoñecer os diversos tipos de números decimais e converter números decimais a fraccións.

Aproximar números decimais utilizando o truncamento e o redondeo e valorar o erro cometido na aproximación.

Calcular expresións numéricas con números decimais, con e sen parénteses, aplicando a prioridade das operacións.

Resolver problemas usando fraccións e números decimais.

UD3: POTENCIAS

Calcular potencias de base enteira ou fraccionaria e expoñente natural e identificar as súas propiedades.

Calcular potencias de expoñente enteiro non natural.

Identificar a raíz cadrada como o proceso inverso á potencia de expoñente 2 e realizar o seu cálculo.

Calcular expresións numéricas con potencias e raíces cadradas, con e sen parénteses, aplicando a prioridade das operacións.

Empregar a notación científica para expresar magnitudes moi grandes ou moi pequenas.

Resolver problemas usando potencias, raíces cadradas e a notación científica.

UD 4: PROPORCIONALIDADE

Saber comunicar con precisión a relación entre magnitudes valéndose dos conceptos de razón e proporción.

Deducir se dúas magnitudes son directamente proporcionais comprobando que as súas razóns son constantes.

Recoñecer se dúas magnitudes son inversamente proporcionais comprobando que os seus produtos son constantes.

Resolver situacións problemáticas da vida cotiá aplicando as propiedades das magnitudes directa ou inversamente proporcionais.

Calcular porcentaxes e aumentos e diminucións porcentuais.

Resolver problemas recoñecendo o tipo de proporcionalidade que existe entre as variables.

Realizar cálculos bancarios con interese simple.

UD 5: ÁLXEBA

Saber recoñecer expresións alxébricas.

Calcular o valor numérico dunha expresión alxébrica.

Coñecer os conceptos de monomio e polinomio, e distinguir os elementos que os compoñen.

Calcular sumas, restas, produtos e cocientes entre monomios e sumas, restas e produtos entre polinomios.

Recoñecer e calcular produtos notables.

Simplificar operacións combinadas con polinomios aplicando a prioridade das operacións.

Traducir da linguaxe natural á linguaxe alxébrica para resolver situacións problemáticas relacionadas coa contorna inmediata.

Aplicar o método aritmético e o método alxébrico como métodos alternativos para a resolución de problemas.

UD 6: ECUACIONES

Coñecer os conceptos de incógnita, grao e solución dunha ecuación.

Obter ecuacións equivalentes a unha ecuación dada e determinar se unha ecuación é unha identidade.

Resolver ecuacións de primeiro e de segundo grao e comprobar a solución obtida.

Traducir da linguaxe natural á linguaxe alxébrica formulando ecuacións de primeiro e de segundo grao.

Aplicar o método aritmético e o método alxébrico como métodos alternativos para a resolución de problemas.

Resolver problemas utilizando ecuacións de primeiro e de segundo grao.

UD 7: SISTEMAS DE ECUACIONES

Coñecer o concepto de solución dunha ecuación lineal con dúas incógnitas.

Representar graficamente as solucións dunha ecuación lineal con dúas incógnitas.

Identificar sistemas de ecuacións lineais sabendo buscar sistemas de ecuacións lineais

equivalentes.

Aplicar os tres métodos alxébricos de substitución de igualación e de redución, para resolver sistemas de ecuacións lineais.

Obter as posibles solucións dun sistema de ecuacións lineais a partir da súa representación gráfica.

Clasificar sistemas de ecuacións lineais en función das súas solucións.

Resolver problemas utilizando sistemas de ecuacións lineais.

UD 8: FUNCIONES

Recoñecer unha relación funcional distinguíndoa doutras que non o son.

Expresar unha función de diferentes maneiras: verbalmente, graficamente e analiticamente.

Recoñecer e describir as características dunha función.

Analizar a gráfica dunha función utilizando a terminoloxía específica das funcións.

Diferenciar entre funcións lineais, afíns, constantes e cadráticas.

Resolver situacións problemáticas da vida cotiá aplicando as propiedades das funcións.

UD 9: ESTATÍSTICA

Diferenciar entre os conceptos de mostra e poboación nun estudo estatístico.

Clasificar variables estatísticas segundo sexan cualitativas, cuantitativas, discretas ou continuas.

Organizar datos estatísticos en táboas e calcular frecuencias relativas e acumuladas.

Interpretar e construír diferentes tipos de gráficos estatísticos.

Calcular os principais parámetros estatísticos de centralización.

Calcular os principais parámetros estatísticos de dispersión.

UD 10: PROBABILIDADE

Diferenciar entre experimentos deterministas e experimentos aleatorios.

Determinar o espazo muestral dos sucesos dun experimento aleatorio.

Obter a frecuencia absoluta e a frecuencia relativa dun suceso aleatorio.

Calcular a probabilidade dun suceso.

Aplicar a regra de Laplace para calcular probabilidades.

Resolver situacións problemáticas da vida cotiá aplicando as propiedades da probabilidade.

UD 11: SEMELLANZA

Saber representar con precisión figuras xeométricas semellantes utilizando os instrumentos de medida e debuxo.

Saber deducir a existencia de semellanza a través do estudo das magnitudes de figuras xeométricas.

Coñecer o teorema de Tales e saber dividir un segmento en partes iguais ou proporcionais.

Saber recoñecer triángulos semellantes aplicando os criterios de semellanza correspondentes.

Resolver situacións problemáticas da vida cotiá relacionadas coa representación a escala da realidade.

Coñecer e utilizar a relación entre a razón de semellanza e a área de figuras xeométricas planas semellantes.

UD 12: POLIEDROS

Saber que é un poliedro e en particular un paralelepípedo, un ortoedro, un cubo, un prisma e unha pirámide.

Coñecer a terminoloxía propia para describir poliedros.

Saber utilizar os instrumentos de medida e de debuxo para trazar o desenvolvemento de poliedros regulares, prismas e pirámides.

Utilizar as unidades de medida adecuadas para indicar as medidas das dimensións dos

poliedros, as súas áreas e volumes.

Recoñecer a diferenza entre poliedros convexos e cóncavos.

Resolver situacións problemáticas da vida cotiá aplicando as propiedades dos poliedros.

UD 13: CORPOS REDONDOS

Recoñecer un cilindro e identificar os seus elementos xeométricos e o seu desenvolvemento plano.

Nomear os elementos xeométricos dun cono e recoñecer o seu desenvolvemento plano.

Identificar os elementos xeométricos da esfera.

Recoñecer as superficies e os corpos esféricos.

Calcular a área e o volume dos corpos redondos.

Resolver situacións problemáticas da vida cotiá aplicando as propiedades dos corpos redondos.

OBXECTIVOS 3º ACADÉMICAS

UNIDADE 1. FRACCIÓNS E DECIMAS.

1. Coñecer os números fraccionarios, operar con eles e utilízalos para a resolución de problemas.
2. Coñecer os distintos tipos de números decimais e a súa relación coas fraccións.

UNIDADE 2. POTENCIAS E RAÍCES. NOTACIÓN CIENTÍFICA

1. Coñecer as potencias de expoñente enteiro e as súas propiedades e aplicalas nas operacións onde interveñan.
2. Coñecer o concepto de raíz enésima dun número e aplicalo ao cálculo de raíces.
3. Coñecer as propiedades básicas dos radicais. Operar con radicais.
4. Aproximar unha cantidade a unha orde determinada e ser consciente do erro cometido.

5. Resolver problemas aritméticos de proporcionalidade, reparticións, mesturas,...

UNIDADE 3. TÁBOAS E GRÁFICOS ESTATÍSTICOS. PARÁMETROS ESTATÍSTICOS.

1. Coñecer os conceptos de poboación, mostra, variable estatística e os tipos de variables estatísticas.

2. Confeccionar e interpretar táboas de frecuencias e gráficos estatísticos.

3. Coñecer, calcular e interpretar parámetros estatísticos de centralización e dispersión.

4. Coñecer, calcular, representar en diagramas de caixas e bigotes e interpretar os parámetros estatísticos de posición: mediana e cuartís.

5. Resolver problemas estatísticos utilizando os parámetros estatísticos.

UNIDADE 4. AZAR E PROBABILIDADE.

1. Identificar as experiencias e os sucesos aleatorios, analizar os seus elementos e describilos coa terminoloxía adecuada.

2. Comprender o concepto de probabilidade e asignar probabilidades a distintos sucesos en experiencias aleatorias simples.

3. Calcular probabilidades en experiencias compostas coa axuda do diagrama de árbore.

UNIDADE 5. A LINGUAXE ALXÉBRICA.

1. Coñecer os conceptos e a terminoloxía propios da álgebra.

2. Operar con expresións alxébricas.

3. Traducir situacións da linguaxe natural á alxébrica.

UNIDADE 6. ECUACIÓNS. SISTEMAS DE ECUACIÓNS.

1. Coñecer os conceptos propios das ecuacións.

2. Resolver ecuacións de diversos tipos.

3. Formular e resolver problemas mediante ecuacións.
4. Resolver sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas.
5. Formular e resolver problemas mediante sistemas de ecuacións.

UNIDADE 7. FUNCIONES E GRÁFICAS.

1. Interpretar e construír gráficas que correspondan a contextos coñecidos ou a táboas de datos e manexar os conceptos e a terminoloxía propios das funcións.
2. Indicar a expresión analítica dunha función moi sinxela a partir dun enunciado.

UNIDADE 8. FUNCIONES LINEAIS E CUADRÁTICAS

1. Manexar con soltura as funcións lineais, representándoas, interpretándoas e aplicándoas en diversos contextos.
2. Representar funcións cuadráticas.

UNIDADE 9. PROBLEMAS MÉTRICOS NO PLANO.

1. Coñecer as relacións angulares nos polígonos e na circunferencia.
2. Coñecer os conceptos básicos da semellanza e aplicalos á resolución de problemas.
3. Dominar o teorema de Pitágoras e as súas aplicacións.
4. Coñecer o concepto de lugar xeométrico e aplicalo á definición das cónicas.
5. Calcular áreas de figuras planas.

UNIDADE 10. FIGURAS NO ESPAZO.

1. Coñecer os poliedros e os corpos de revolución e calcular as súas áreas e os seus volumes.
2. Coñecer e identificar as coordenadas terrestres.

UNIDADE 11. MOVEMENTOS NO PLANO. FRISOS E MOSAICOS.

1. Aplicar un ou máis movementos a unha figura xeométrica.
2. Coñecer as características e as propiedades dos distintos movementos e aplicarlas á resolución de situacións problemáticas.

UNIDADE 12. PROGRESIÓNS.

1. Coñecer e manexar a nomenclatura propia das sucesións e familiarizarse coa busca de regularidades numéricas.
2. Coñecer e manexar con soltura as progresións aritméticas e xeométricas e aplicarlas a situacións problemáticas.

OBXECTIVOS 3º APLICADAS

UNIDADE 1. NÚMEROS ENTEIROS E DECIMAIS.

1. Resolver operacións combinadas con números enteiros e decimais.
2. Resolver problemas aritméticos con números decimais.
3. Apreciar a utilidade das aproximacións e realizalas valorando en cada caso o erro cometido.

UNIDADE 2. AS FRACCIÓNS.

1. Coñecer os números racionais, as súas relacións con outros conxuntos numéricos.
2. Coñecer as fraccións equivalentes e aplicar as súas propiedades.
3. Realizar operacións con números racionais.
4. Resolver problemas con fraccións.

UNIDADE 3. POTENCIAS E RAÍCES.

1. Coñecer as potencias de expoñente enteiro, as súas operacións e as súas propiedades.
2. Coñecer e manexar a notación científica.

3. Coñecer e manexar o concepto de raíz enésima.

UNIDADE 4. PROBLEMAS DE PROPORCIONALIDADE E PORCENTAXES.

1. Coñecer os conceptos de razón, proporción e relación de proporcionalidade.

2. Resolver problemas de proporcionalidade simple e composta.

3. Manexar con soltura as porcentaxes e resolver problemas con elas.

UNIDADE 5. TÁBOAS E GRÁFICOS ESTATÍSTICOS. PARÁMETROS ESTATÍSTICOS.

1. Coñecer os conceptos de poboación, mostra, variable estatística e os tipos de variables estatísticas.

2. Confeccionar e interpretar táboas de frecuencias e gráficos estatísticos.

3. Coñecer, calcular e interpretar parámetros estatísticos de centralización e dispersión.

4. Coñecer, calcular, representar en diagramas de caixas e bigotes e interpretar os parámetros estatísticos de posición: mediana e cuartís.

5. Resolver problemas estatísticos sinxelos utilizando os parámetros estatísticos.

UNIDADE 6. A LINGUAXE ALXÉBRICA.

1. Coñecer e manexar os conceptos e a terminoloxía propios da álgebra.

2. Operar con expresións alxébricas.

UNIDADE 7. ECUACIÓNS.

1. Coñecer e manexar os conceptos propios das ecuacións.

2. Resolver ecuacións de primeiro e segundo grao.

3. Resolver problemas mediante ecuacións de primeiro e segundo grao.

UNIDADE 8. SISTEMAS DE ECUACIÓNS.

1. Coñecer os sistemas de ecuacións con dúas incógnitas e o significado das súas solucións.

2. Resolver sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas.

3. Formular e resolver problemas mediante sistemas de ecuacións.

UNIDADE 9. FUNCIONES E GRÁFICAS.

1. Interpretar e construír gráficas que correspondan a contextos coñecidos ou a táboas de datos e manexar os conceptos e a terminoloxía propios das funcións.

2. Indicar a expresión analítica dunha función moi sinxela a partir dun enunciado.

UNIDADE 10. FUNCIONES LINEAIS E CUADRÁTICAS

1. Manexar con soltura as funcións lineais, representándoas, interpretándoas e aplicándoas en diversos contextos.

2. Representar funcións cuadráticas.

UNIDADE 11. ELEMENTOS DA XEOMETRÍA PLANA.

1. Coñecer as relacións angulares nos polígonos e na circunferencia.

2. Coñecer os conceptos básicos da semellanza e aplicarlos á resolución de problemas.

3. Coñecer o teorema de Pitágoras e as súas aplicacións.

4. Calcular áreas e perímetros de figuras planas.

UNIDADE 12. FIGURAS NO ESPAZO.

1. Coñecer os poliedros e os corpos de revolución e calcular as súas áreas e os seus volumes.

2. Coñecer e identificar as coordenadas terrestres.

UNIDADE 13. MOVEMENTOS NO PLANO. FRISOS E MOSAICOS.

1. Aplicar un ou máis movementos a unha figura xeométrica.
2. Coñecer as características e as propiedades dos distintos movementos e aplicalas á resolución de situacións problemáticas.

UNIDADE 14. PROGRESIÓNS.

1. Coñecer e manexar a nomenclatura propia das sucesións e familiarizarse coa busca de regularidades numéricas.
2. Coñecer e manexar con soltura as progresións aritméticas e xeométricas e aplicalas á resolución de problemas.

OBXECTIVOS 4º APLICADAS

UNIDADE 1. NÚMEROS REAIS.

- Manexar con destreza as operacións con números naturais, enteiros e fraccionarios.
- Resolver problemas aritméticos con números enteiros e fraccionarios.
- Manexar con destreza os números decimais, as súas relacións coas fraccións, as súas aproximacións e os erros cometidos nelas.
- Manexar con destreza as potencias e as súas propiedades.
- Coñecer a notación científica e efectuar operacións con axuda da calculadora.
- Coñecer os números reais, os distintos conxuntos de números e os intervalos sobre a recta real.

UNIDADE 2. PROPORCIONALIDADE

- Aplicar procedementos específicos para a resolución de problemas relacionados coa proporcionalidade e as porcentaxes.
- Dispoñer de recursos para analizar e manexar situacións de mesturas, reparticións, desprazamentos de móbiles, enchedura e baleirado.

UNIDADE 3. POLINOMIOS.

- Diferenciar os distintos tipos de expresións alxébricas e operar con elas, especialmente as relacionadas coa redución e a resolución de ecuacións.

- Coñecer a regra de Ruffini e as súas aplicacións. Factorizar polinomios. Coñecer a regra de Ruffini e as súas aplicacións.

UNIDADE 4. ECUACIONES

- Resolver con destreza ecuacións de distintos tipos e aplicarlas á resolución de problemas.

UNIDADE 5. SISTEMAS DE ECUACIONES.

- Identificar os distintos tipos de sistemas de ecuacións lineais e coñecer os procedementos de resolución: gráfico e alxébricos.
- Aplicar os sistemas de ecuacións na resolución de problemas.

UNIDADE 6. FUNCIONES.

- Dominar o concepto de función, coñecer as características máis relevantes e as distintas formas de expresar as funcións.

UNIDADE 7. MODELOS DE FUNCIONES

- Coñecer gráfica e analiticamente diversas familias de funcións. Manexar destramente algunhas delas (lineais, cuadráticas...).

UNIDADE 8. ESTADÍSTICA.

- Revisar os métodos da estatística e afondar na práctica de cálculo e interpretación de parámetros. Coñecer o papel da mostraxe.

UNIDADE 9. PROBABILIDADE.

- Coñecer as propiedades dos sucesos e as súas probabilidades.
- Calcular probabilidades en experiencias compostas utilizando diagrama en árbore e táboas de dobre entrada.

UNIDADE 10. GEOMETRÍA.

- Efectuar unha revisión extensa, no nivel práctico, de diversos contidos xeométricos previamente adquiridos: teorema de Pitágoras, semellanza, áreas de figuras planas, e áreas e volumes de corpos xeométricos

OBXECTIVOS 4º ACADÉMICAS

UNIDADE 1: NÚMEROS REAIS

- Saber representar na recta os números reais, incluíndo os números racionais e os irracionais.
 - Expresar en forma decimal os números racionais e saber calcular a fracción xeratriz dun número.
 - Resolver problemas da vida cotiá relacionados coa economía nos que interveñen porcentaxes ou intereses.
 - Coñecer os diferentes métodos de aproximación nos números reais, como o redondeo e as cotas de erro.
 - Coñecer as diferentes propiedades que determinan a orde dos números reais e o valor absoluto dos mesmos.
 - Representar, mediante o uso de intervalos, un conxunto de números reais.
 - Resolver problemas que demostren determinadas afirmacións utilizando a estratexia da redución ao absurdo.

UNIDADE 2: POTENCIAS, RADICAIS E LOGARITMOS

- Calcular potencias de base enteira ou fraccionaria e expoñente enteiro ou fraccionario e identificar as súas propiedades.
 - Identificar a raíz cadrada como o proceso inverso á potencia de expoñente 2 e realizar o seu cálculo.
 - Identificar os radicais equivalentes que representan un mesmo número e saber simplificar un radical de forma sinxela.
 - Empregar a notación científica para expresar de forma abreviada números con moitas cifras.
e g i	<p>B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <p>Recollida ordenada e a organización de datos.</p> <p>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</p> <p>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</p>	<p>B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados, para facilitar a interacción.</p>	<p>MA1B1.13.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</p>	CD					
			<p>MA1B1.13.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</p>	CCL					
			<p>MA1B1.13.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</p>	CD CAA					
Bloque 2. Números e álgebra									
i	<p>B2.1. Números racionais e irracionais. Número real. Representación na recta real. Intervalos.</p> <p>B2.2. Aproximación decimal dun número real. Estimación, redondeo e erros.</p> <p>B2.3. Operacións con números reais. Potencias e radicais. Notación</p>	<p>B2.1. Utilizar os números reais e as súas operacións para presentar e intercambiar información, controlando e axustando a marxe de erro esixible en cada situación, en contextos da vida real.</p>	<p>MACS1B2.1.1. Recoñece os tipos números reais (rationais e irracionais) e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa.</p>	CMCCT	2,5%			90%	10%
			<p>MACS1B2.1.2. Representa correctamente información cuantitativa mediante intervalos de números reais.</p>	CMCCT	2,5%			90%	10%

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato									
Obxect	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª av	2ª av	3ª av	Probas escritas	Traballos e observación diaria
	científica.		MACS1B2.1.3. Compara, ordena, clasifica e representa graficamente calquera número real.	CMCCT	2,5 %			90%	10%
			MACS1B2.1.4. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, utilizando a notación máis axeitada e controlando o erro cando aproxima.	CMCCT	2,5 %			90%	10%
i	B2.4. Operacións con capitais financeiros. Aumentos e diminucións porcentuais. Taxas e xuros bancarios. Capitalización e amortización simple e composta. B2.5. Utilización de recursos tecnolóxicos para a realización de cálculos financeiros e mercantís.	B2.2. Resolver problemas de capitalización e amortización simple e composta utilizando parámetros de aritmética mercantil, empregando métodos de cálculo ou os recursos tecnolóxicos máis axeitados.	MACS1B2.2.1. Interpreta e contextualiza correctamente parámetros de aritmética mercantil para resolver problemas do ámbito da matemática financeira (capitalización e amortización simple e composta) mediante os métodos de cálculo ou recursos tecnolóxicos apropiados.	CMCCT					
i	B2.6. Polinomios. Operacións. Descomposición en factores. B2.7. Ecuacións lineais, cuadráticas e reducibles a elas, exponenciais e logarítmicas. Aplicacións. B2.8. Sistemas de ecuacións de primeiro e segundo grao con dúas incógnitas. Clasificación. Aplicacións. Interpretación xeométrica. B2.9. Sistemas de ecuacións lineais con tres incógnitas: método de Gauss. B2.10. Formulación e resolución de problemas das ciencias sociais mediante sistemas de ecuacións lineais.	B2.3. Transcribir a linguaxe alxébrica ou gráfica situacións relativas ás ciencias sociais, e utilizar técnicas matemáticas e ferramentas tecnolóxicas apropiadas para resolver problemas reais, dando unha interpretación das solucións obtidas en contextos particulares.	MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais.	CMCCT	10%			90%	10%
			MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións.	CMCCT	10 %				
			MACS1B2.3.3. Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade.	CMCCT	10%				
Bloque 3. Análise									

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato

Obxect	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª av	2ª av	3ª av	Probas escritas	Traballos e observación diaria
i	<p>B3.1. Resolución de problemas e interpretación de fenómenos sociais e económicos mediante funcións.</p> <p>B3.2. Funcións reais de variable real. Expresión dunha función en forma alxébrica, por medio de táboas ou de gráficas. Características dunha función.</p> <p>B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. Funcións definidas a anacos.</p>	<p>B3.1. Interpretar e representar gráficas de funcións reais tendo en conta as súas características e a súa relación con fenómenos sociais.</p>	<p>MACS1B3.1.1. Analiza funcións expresadas en forma alxébrica, por medio de táboas ou graficamente, e relaciónaas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos, extraendo e replicando modelos.</p>	CMCCT	10 %			90%	10%
			<p>MACS1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e razoadamente eixes, unidades e escalas, recoñecendo e identificando os erros de interpretación derivados dunha mala elección, para realizar representacións gráficas de funcións.</p>	CMCCT	8%			90%	10%
			<p>MACS1B3.1.3. Estuda e interpreta graficamente as características dunha función, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados.</p>	CMCCT	5%			90%	10%
i	<p>B3.4. Interpolación e extrapolación lineal e cuadrática. Aplicación a problemas reais.</p>	<p>B3.2. Interpolar e extrapolar valores de funcións a partir de táboas, e coñecer a utilidade en casos reais.</p>	<p>MACS1B3.2.1. Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto.</p>	CMCCT	5%			90%	10%
i	<p>B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. As funcións definidas a anacos.</p> <p>B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas.</p>	<p>B3.3. Calcular límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito, para estimar as tendencias.</p>	<p>MACS1B3.3.1. Calcula límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito para estimar as tendencias dunha función.</p>	CMCCT	10%			90%	10%
			<p>MACS1B3.3.2. Calcula, representa e interpreta as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais.</p>	CMCCT	7%			90%	10%

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato									
Obxect	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª av	2ª av	3ª av	Probas escritas	Traballos e observación diaria
i	B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas.	B3.4. Coñecer o concepto de continuidade e estudar a continuidade nun punto en funcións polinómicas, racionais, logarítmicas e exponenciais.	MACS1B3.4.1. Examina, analiza e determina a continuidade da función nun punto para extraer conclusións en situacións reais.	CMCCT	10%			90%	10%
i	B3.6. Taxa de variación media e taxa de variación instantánea. Aplicación ao estudo de fenómenos económicos e sociais. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica. Recta tanxente a unha función nun punto. B3.7. Función derivada. Regras de derivación de funcións elementais sinxelas que sexan suma, produto, cociente e composición de funcións polinómicas, exponenciais e logarítmicas.	B3.5. Coñecer e interpretar xeometricamente a taxa de variación media nun intervalo e nun punto como aproximación ao concepto de derivada, e utilizar as regra de derivación para obter a función derivada de funcións sinxelas e das súas operacións.	MACS1B3.5.1. Calcula a taxa de variación media nun intervalo e a taxa de variación instantánea, interpretaas xeometricamente e emprégaas para resolver problemas e situacións extraídas da vida real.	CMCCT		10%		90%	10%
			MACS1B3.5.2. Aplica as regras de derivación para calcular a función derivada dunha función e obter a recta tanxente a unha función nun punto dado.	CMCCT		33%	90%	10%	
Bloque 4. Estatística e Probabilidade									
i	B4.1. Estatística descritiva bidimensional: táboas de continxencia. B4.2. Distribución conxunta e distribucións marxinais. B4.3. Distribucións condicionadas. B4.4. Medias e desviacións típicas marxinais e condicionadas. B4.5. Independencia de variables estatísticas.	B4.1. Describir e comparar conxuntos de datos de distribucións bidimensionais, con variables discretas ou continuas, procedentes de contextos relacionados coa economía e outros fenómenos sociais, e obter os parámetros estatísticos máis usuais mediante os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folia de cálculo) e valorando a dependencia entre as variables.	MACS1B4.1.1. Elabora e interpreta táboas bidimensionais de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables numéricas (discretas e continuas) e categóricas.	CMCCT		3%		90%	10%
			MACS1B4.1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais para aplicalos en situacións da vida real.	CMCCT		3%	90%	10%	
			MACS1B4.1.3. Acha as distribucións marxinais e diferentes distribucións condicionadas a partir dunha táboa de continxencia, así como os seus parámetros, para aplicalos en situacións da vida real.	CMCCT		3%	90%	10%	

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato									
Obxect	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª av	2ª av	3ª av	Probas escritas	Traballos e observación diaria
			MACS1B4.1.4. Decide se dúas variables estatísticas son ou non estatisticamente dependentes a partir das súas distribucións condicionadas e marxinais, para poder formular conxecturas.	CMCCT		3%		90%	10%
			MACS1B4.1.5. Avalía as representacións gráficas apropiadas para unha distribución de datos sen agrupar e agrupados, e usa axeitadamente medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos desde o punto de vista estatístico, calcular parámetros e xerar gráficos estatísticos.	CMCCT		3%		90%	10%
i l	B4.6. Dependencia de dúas variables estatísticas. Representación gráfica: nube de puntos. B4.7. Dependencia lineal de dúas variables estatísticas. Covarianza e correlación: cálculo e interpretación do coeficiente de correlación lineal. B4.8. Regresión lineal. Predicións estatísticas e fiabilidade destas. Coeficiente de determinación	B4.2. Interpretar a posible relación entre dúas variables e cuantificar a relación lineal entre elas mediante o coeficiente de correlación, valorando a pertinencia de axustar unha recta de regresión e de realizar predicións a partir dela, avaliando a fiabilidade destas nun contexto de resolución de problemas relacionados con fenómenos económicos e sociais.	MACS1B4.2.1. Distingue a dependencia funcional da dependencia estatística e estima se dúas variables son ou non estatisticamente dependentes mediante a representación da nube de puntos en contextos cotiáns.	CMCCT		3%		90%	10%
			MACS1B4.2.2. Cuantifica o grao e o sentido da dependencia lineal entre dúas variables mediante o cálculo e a interpretación do coeficiente de correlación lineal para poder obter conclusións.	CMCCT		3%		90%	10%
			MACS1B4.2.3. Calcula e representa as rectas de regresión de dúas variables e obtén predicións a partir delas.	CMCCT		3%		90%	10%
			MACS1B4.2.4. Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión mediante o coeficiente de determinación lineal en contextos relacionados con fenómenos económicos e sociais.	CMCCT		3%		90%	10%

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato

Obxect	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª av	2ª av	3ª av	Probas escritas	Traballos e observación diaria
i l	<p>B4.9. Sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov.</p> <p>B4.10. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades.</p> <p>B4.11. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.</p> <p>B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.</p> <p>B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.</p> <p>B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.</p> <p>B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.</p>	<p>B4.3. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento e a axiomática da probabilidade, empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.</p>	<p>MACS1B4.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.</p>	CMCCT		30%		90%	10%
			<p>MACS1B4.3.2. Constrúe a función de probabilidade dunha variable discreta asociada a un fenómeno sinxelo e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.</p>	CMCCT			5%	90%	10%
			<p>MACS1B4.3.3. Constrúe a función de densidade dunha variable continua asociada a un fenómeno sinxelo, e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.</p>	CMCCT			5%	90%	10%
i l	<p>B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.</p> <p>B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.</p> <p>B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.</p>	<p>B4.4. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de sucesos asociados.</p>	<p>MACS1B4.4.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e a desviación típica.</p>	CMCCT			15%	90%	10%
			<p>MACS1B4.4.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade ou da táboa da distribución, ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaa en diversas situacións.</p>	CMCCT			20%	90%	10%

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato

Obxect	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª av	2ª av	3ª av	Probas escritas	Traballos e observación diaria
	<p>B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.</p> <p>B4.16. Cálculo de probabilidades mediante aproximación da distribución binomial pola normal.</p>		MACS1B4.4.3. Distingue fenómenos que poden modelizarse mediante unha distribución normal, e valora a súa importancia nas ciencias sociais.	CMCCT			15%	90%	10%
			MACS1B4.4.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaas en diversas situacións.	CMCCT			20%	90%	10%
			MACS1B4.4.5. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.	CMCCT			15%	90%	10%
e i	<p>B4.17. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística, interpretando a información, e detectando erros e manipulacións.</p>	<p>B4.5. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando un conxunto de datos ou interpretando de xeito crítico informacións estatísticas presentes nos medios de comunicación, a publicidade e outros ámbitos, e detectar posibles erros e manipulacións tanto na presentación dos datos coma das conclusións.</p>	MACS1B4.5.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	CCL			2,5%	90%	10%
			MACS1B4.5.2. Razona e argumenta a interpretación de informacións estatísticas ou relacionadas co azar presentes na vida cotiá.	CMCCT			2,5%	90%	10%

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato									
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas 1ª, 2ª e 3ª avaliación									
e i	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema.	MACS2B1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT	0,5 %	0,5 %	0,5 %		100,00 %
i l	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: Relación con outros problemas coñecidos. Modificación de variables. Suposición do problema resolto. B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutros xeitos de resolución e identificación de problemas parecidos.	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MACS2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	CMCCT	0,5 %	0,5 %	0,5 %	50,00 %	50,00 %
			MACS2B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	CMCCT	0,25 %	0,25 %	0,25 %		100,00 %
			MACS2B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.	CMCCT CAA	0,25 %	0,25 %	0,25 %	25,00 %	75,00 %
g i	B1.4. Elaboración e presentación oral e/ou escrita de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución	B1.3. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor	MACS2B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.	CMCCT	0,75 %	0,75 %	0,75 %	50,00 %	50,00 %

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
	<p>dun problema, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas.</p> <p>B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <p>Recollida ordenada e a organización de datos.</p> <p>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</p> <p>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</p>	adecuados.	<p>MACS2B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</p>	CMCCT	0,75 %	0,75 %	0,75 %	50,00 %	50,00 %
			<p>MACS2B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema que cumpra demostrar.</p>	CMCCT CD					
i l m	<p>B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</p>	<p>B1.4. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.</p>	<p>MACS2B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.).</p>	CMCCT					

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
			MACS2B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	CMCCT CSIEE					
h i l n	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	B1.5. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir de a resolución dun problema e o afondamento posterior, da xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.	MACS2B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc.	CMCCT	0,25 %	0,25 %	0,25 %	25,00 %	75,00 %
			MACS2B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (historia da humanidade e historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.)	CMCCT CSC CCEC	0,5 %	0,5 %	0,5 %		100,00 %
e g i	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.8. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o procedemento, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido. B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.6. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.	MACS2B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.	CMCCT					
			MACS2B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos axeitados ao contexto do problema de investigación.	CMCCT					
			MACS2B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CCL CMCCT	0,5 %	0,5 %	0,5 %	50,00 %	50,00 %
			MACS2B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na	CMCCT CD					

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
			comunicación das ideas matemáticas.						
			MACS2B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.	CCL					
			MACS2B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CMCCT					
i	B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.7. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade.	MACS2B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC	0,5 %	0,5 %	0,5 %		100,00 %
l			MACS2B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT	0,5 %	0,5 %	0,5 %	25,00 %	75,00 %
			MACS2B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT	0,25 %	0,25 %	0,25 %	50,00 %	50,00 %

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probos escritos	Traballos e Observación diaria
			MACS2B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT	0,5 %	0,5 %	0,5 %	50,00 %	50,00 %
			MACS2B1.7.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT	0,25 %	0,25 %	0,25 %	25,00 %	75,00 %
i	B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.8. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	2B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., e valorando outras opinións.	CMCCT	0,25 %	0,25 %	0,25 %		100,00 %
a b c d e f g h i l m n o p	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).	CMCCT CSC CSIEE	1 %	1 %	1 %		100,00 %
			MACS2B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT	0,5 %	0,5 %	0,5 %		100,00 %
			MACS2B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados encontrados; etc.	CMCCT CAA	0,25 %	0,25 %	0,25 %		100,00 %

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia s clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
			MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSC CSIEE					
b i l m	B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MACS2B1.10.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE	0,5 %	0,5 %	0,5 %	25,00 %	75,00 %
b i l	B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras.	MACS2B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprender diso para situacións futuras.	CMCCT CAA	0,25 %	0,25 %	0,25 %		100,00 %
g i	B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións	B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MACS2B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilizaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CD CMCCT					
			MACS2B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT					
			MACS2B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización	CMCCT					

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato										
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria	
	<p>matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</p>		de medios tecnolóxicos							
			MACS2B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	CMCCT						
			MACSB1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións.	CMCCT						
e g i	<p>B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <p>Recollida ordenada e a organización de datos.</p> <p>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</p> <p>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos</p>	<p>B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</p>	<p>MACS2B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p>	CD	0,5 %	0,5 %	0,5 %		100,00 %	
			<p>MACS2B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p>	CCL						

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato									
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
	de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.		MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.	CD CAA	0,5 %	0,5 %	0,5 %		100,00 %
Bloque 2. Números e álgebra 1ª avaliación									
i	B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas. Clasificación de matrices. B2.2. Operacións con matrices. B2.3. Rango dunha matriz. B2.4. Matriz inversa. B2.5. Método de Gauss. B2.6. Determinantes ata orde 3. B2.7. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas en contextos reais.	B2.1. Organizar información procedente de situacións do ámbito social utilizando a linguaxe matricial, e aplicar as operacións con matrices como instrumento para o tratamento da devandita información.	MACS2B2.1.1. Dispón en forma de matriz información procedente do ámbito social para poder resolver problemas con maior eficacia.	CMCCT	10 %			90,00 %	10,00 %
			MACS2B2.1.2. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas e para representar sistemas de ecuacións lineais.	CMCCT	20 %			90,00 %	10,00 %
			MACS2B2.1.3. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual e co apoio de medios tecnolóxicos.	CMCCT	20 %			90,00 %	10,00 %

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
h i	<p>B2.8. Representación matricial dun sistema de ecuacións lineais: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais (ata tres ecuacións con tres incógnitas). Método de Gauss.</p> <p>B2.9. Resolución de problemas das ciencias sociais e da economía.</p> <p>B2.10. Inecuacións lineais cunha ou dúas incógnitas. Sistemas de inecuacións. Resolución gráfica e alxébrica.</p> <p>B2.11. Programación lineal bidimensional. Rexión factible. Determinación e interpretación das solucións óptimas.</p> <p>B2.12. Aplicación da programación lineal á resolución de problemas sociais, económicos e demográficos.</p>	<p>B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, sistemas de ecuacións, inecuacións e programación lineal bidimensional), interpretando criticamente o significado das solucións obtidas.</p>	<p>MACS2B2.2.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplícao para resolver problemas en contextos reais.</p>	CMCCT	20 %			90,00 %	10,00 %
			<p>MACS2B2.2.2. Aplica as técnicas gráficas de programación lineal bidimensional para resolver problemas de optimización de funcións lineais que están suxeitas a restricións, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema.</p>	CMCCT	20 %			90,00 %	10,00 %
<p>Bloque 3. Análise 2ª avaliación</p>									
i	<p>B3.1. Continuidade: tipos. Estudo da continuidade en funcións elementais e definidas a anacos.</p>	<p>B3.1. Analizar e interpretar fenómenos habituais das ciencias sociais de xeito obxectivo traducindo a información á linguaxe das funcións, e describilo mediante o estudo cualitativo e cuantitativo das súas propiedades máis características.</p>	<p>MACS2B3.1.1. Modeliza con axuda de funcións problemas formulados nas ciencias sociais e descríbeos mediante o estudo da continuidade, tendencias, ramas infinitas, corte cos eixes, etc.</p>	CMCCT		15 %		90,00 %	10,00 %
			<p>MACS2B3.1.2. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas.</p>	CMCCT		10 %		90,00 %	10,00 %

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
			MACS2B3.1.3. Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite.	CMCCT		10 %		90,00 %	10,00 %
i	B3.2. Aplicacións das derivadas ao estudo de funcións polinómicas, racionais e irracionais sinxelas, exponenciais e logarítmicas. B3.3. Problemas de optimización relacionados coas ciencias sociais e a economía. B3.4. Estudo e representación gráfica de funcións polinómicas, racionais, irracionais, exponenciais e logarítmicas sinxelas a partir das súas propiedades locais e globais.	B3.2. Utilizar o cálculo de derivadas para obter conclusións acerca do comportamento dunha función, para resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter económico ou social e extraer conclusións do fenómeno analizado.	MACS2B3.2.1. Representa funcións e obtén a expresión alxébrica a partir de datos relativos ás súas propiedades locais ou globais, e extrae conclusións en problemas derivados de situacións reais.	CMCCT		15 %		90,00 %	10,00 %
			MACS2B3.2.2. Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.	CMCCT		15 %		90,00 %	10,00 %
i	B3.5. Concepto de primitiva. Integral indefinida. Cálculo de primitivas: propiedades básicas. Integrais inmediatas. B3.6. Cálculo de áreas: integral definida. Regra de Barrow.	B3.3. Aplicar o cálculo de integrais na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables, utilizando técnicas de integración inmediata.	MACS2B3.3.1. Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas.	CMCCT		10 %		90,00 %	10,00 %
			MACS2B3.3.2. Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas.	CMCCT		15 %		90,00 %	10,00 %
Bloque 4. Estatística e Probabilidade 3ª avaliación									
i	B4.1. Afondamento na teoría da probabilidade. Axiomática de Kolmogorov. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa	B4.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento persoais, diagramas de árbore ou táboas de continxencia, a axiomática da probabilidade e o	MACS2B4.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.	CMCCT			5 %	90,00 %	10,00 %

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probadas escritas	Traballos e Observación diaria
	frecuencia relativa. B4.2. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. B4.3. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais, e verosimilitude dun suceso.	teorema da probabilidade total, e aplica o teorema de Bayes para modificar a probabilidade asignada a un suceso (probabilidade inicial) a partir da información obtida mediante a experimentación (probabilidade final), empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.	MACS2B4.1.2. Calcula probabilidades de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.	CMCCT			5 %	90,00 %	10,00 %
			MACS2B4.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.	CMCCT			5 %	90,00 %	10,00 %
			MACS2B4.1.4. Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións.	CMCCT			5 %	90,00 %	10,00 %
i	B4.4. Poboación e mostra. Métodos de selección dunha mostra. Tamaño e representatividade dunha mostra. B4.5. Estatística paramétrica. Parámetros dunha poboación e estatísticos obtidos a partir dunha mostra. Estimación puntual. B4.6. Media e desviación típica da media mostral e da proporción mostral. Distribución da media mostral nunha poboación normal. Distribución da media mostral e da proporción mostral no caso de mostras grandes. B4.7. Estimación por intervalos de confianza. Relación entre confianza, erro e tamaño mostral. B4.8. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida. B4.9. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución	B4.2. Describir procedementos estatísticos que permiten estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados, calculando o tamaño mostral necesario e construíndo o intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida e para a media e proporción poboacional, cando o tamaño mostral é suficientemente grande.	MACS2B4.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.	CMCCT			5 %	90,00 %	10,00 %
			MACS2B4.2.2. Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporción poboacionais, e aplícao a problemas reais.	CMCCT			10 %	90,00 %	10,00 %
			MACS2B4.2.3. Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplícao a problemas de situacións reais.	CMCCT			10 %	90,00 %	10,00 %
			MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con	CMCCT			10 %	90,00 %	10,00 %

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
	de modelo descoñecido e para a proporción no caso de mostras grandes.		desviación típica coñecida.						
			MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes.	CMCCT			10 %	90,00 %	10,00 %
			MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplícao en situacións reais.	CMCCT			10 %	90,00 %	10,00 %
e i l m	B4.10. Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	B4.3. Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións.	MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas.	CCL CMCCT			5 %	90,00 %	10,00 %
			MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo.	CMCCT			5 %	90,00 %	10,00 %
			MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	CMCCT CSC			5 %	90,00 %	10,00 %

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato									
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Probas escritas	Traballos e Observación diaria
Bloque 1. Mostraxe 1ª e 2ª avaliación									
h i l m	B1.1. Fundamentos probabilísticos. Distribucións de probabilidade.	B1.1. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros, asignando a probabilidade aos sucesos correspondentes e tomando decisións ante situacións que se axusten a unha distribución binomial ou normal, por medio da asignación de probabilidades aos sucesos correspondentes.	MENB1.1.1. Distingue fenómenos aleatorios, discretos ou continuos, que poden modelizarse mediante unha distribución binomial ou normal, e manexa con soltura as correspondentes táboas para asignarlles probabilidades aos sucesos, analizándoos e decidindo a opción máis conveniente.	CMCCT	35%			70%	30%
i l	B1.2. Poboación e mostra. B1.3. Mostraxe: tipos. B1.4. Parámetros poboacionais e estatísticos dunha mostra. B1.5. Distribucións dunha mostra.	B1.2. Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible.	MENB1.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.	CMCCT CSIEE	15%			70%	30%
			MENB1.2.2. Aplica os conceptos relacionados coa mostraxe para obter datos estatísticos dunha poboación e extrae conclusións sobre aspectos determinantes da poboación de partida.	CMCCT		15%	70%	30%	
a b c d e f g h i l m n ñ o p	B1.6. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	B1.3. Presentar e describir ordenadamente información estatística utilizando vocabulario e unhas representacións adecuadas, e analizar de forma crítica e argumentada informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, publicidade e outros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións e analizando, de forma crítica, informes estatísticos presentes nos medios de comunicación e noutros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na presentación de determinados datos.	MENB1.3.1. Analiza de forma crítica e argumentada información estatística presente nos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá, valorando a incidencia dos medios tecnolóxicos no tratamento e representación gráfica de datos estatísticos que proveñen de diversas fontes.	CCL CMCCT CD CSC CCEC	25%			70%	30%
Bloque 2. Estatística inferencial									

2ª avaliación									
i l	B2.1. Estimación puntual e por intervalos. B2.2. Decisións estatísticas. Hipóteses estatísticas. Contraste de hipóteses. Cálculo das rexións de aceptación e rexeitamento, e formulación da regra de decisión. B2.3. Erros de tipo I e II. Nivel de significación. Potencia dun contraste. Relacións entre σ , μ e o tamaño da mostra.	B2.1. Estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados.	MENB2.1.1. Obtén estimadores puntuais de diversos parámetros poboacionais e os intervalos de confianza de parámetros poboacionais en problemas contextualizados, partindo das distribucións mostrais correspondentes.	CMCCT		25%		70%	30%
			MENB2.1.2. Leva a cabo un contraste de hipóteses sobre unha poboación, formula as hipóteses nula e alternativa dun contraste, entende os erros de tipo I e de tipo II, e define o nivel de significación e a potencia do contraste.	CMCCT CAA		25%		70%	30%
Bloque 3. Probabilidade condicionada									
1ª e 3ª avaliación									
i l	B3.1. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. B3.2. Regra do produto. Regra das probabilidades totais. Regra de Bayes.	B3.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos.	MENB3.1.1. Aplica as regras do produto, as probabilidades totais e a regra de Bayes ao cálculo de probabilidades de sucesos.	CMCCT	25%			70%	30%
i l	B3.3. Cadeas de Markov. Distribucións estacionarias. Cadeas absorbentes. B3.4. Clasificación, identificación e cálculo das probabilidades dos estados en cadeas de Markov.	B3.2. Modelar situacións contextualizadas dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades aos diferentes estados.	MENB3.2.1. Identifica fenómenos da vida cotiá que se modelizan mediante cadeas de Markov, distingue os seus estados, represéntaos e calcula as probabilidades correspondentes, utilizando as operacións con matrices ou outros métodos.	CMCCT			20%	70%	30%
Bloque 4. Series temporais									
3ª avaliación									
i l	B4.1. Series de tempo: compoñentes. B4.2. Curva de tendencia. Determinación de curvas de tendencia por diversos métodos como o axuste por mínimos cadrados. B4.3. Índice estacional. Índices cíclicos. Variación irregular.	B4.1. Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas.	MENB4.1.1. Describe e interpreta, cualitativa e cuantitativamente, os compoñentes das series de tempo que representan distintos fenómenos científicos ou sociais cando veñen dadas por unha táboa ou por unha gráfica, e calcula e utiliza a curva de tendencia e os índices cíclicos e estacionais como modelos matemáticos que permiten realizar predicións.	CCL CMCCT			20%	70%	30%
Bloque 5. Programación lineal									
2ª avaliación									
i l	B5.1. Desigualdades. Inecuacións lineais. Problema estándar de programación lineal. Función obxectivo. Solución factible. B5.2. Problema dual. B5.3. Formulación e resolución de problemas de programación lineal con dúas variables por	B5.1. Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica e utilizando as técnicas de programación lineal, e interpreta as solucións obtidas.	MENB5.1.1. Resolve problemas provenientes de diversos campos, utilizando a linguaxe alxébrica con soltura e a programación lineal con dúas variables para obter a solución, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema formulado.	CMCCT CAA CSC		25%		70%	30%

	métodos gráficos e interpretación das solucións obtidas.								
Bloque 6. Métodos numéricos									
2ª e 3ª avaliación									
i 	<p>B6.1. Dixitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erros absoluto e relativo.</p> <p>B6.2. Conxerxencia.</p> <p>B6.3. Métodos de resolución de ecuacións cunha incógnita.</p> <p>B6.4. Métodos de resolución de sistemas lineais.</p> <p>B6.5. Métodos de cálculo de integrais definidas. Cálculo de superficies.</p>	<p>B6.1. Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles.</p>	<p>MENB6.1.1. Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida.</p>	CMCCT CSIEE		10%		70%	30%
			<p>MENB6.1.2. Calcula áreas utilizando métodos numéricos.</p>	CMCCT		20%	70%	30%	
i 	<p>B6.6. Interpolación polinómica.</p>	<p>B6.2. Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados.</p>	<p>MENB6.2.1. Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación.</p>	CMCCT		20%	70%	30%	
			<p>MENB6.2.2. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos.</p>	CMCCT		20%	70%	30%	

2. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As programacións de cada unha das unidades didácticas, basearanse nos seguintes principios:

- Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel.
- Terase en conta a diversidade respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Darase prioridade á comprensión dos contidos que se traballen fronte a súa aprendizaxe mecánica.
- Propiciaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Fomentarase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso respecto os seus coñecementos.
- As aprendizaxes terán carácter acumulativo.
- Incidirase na interdisciplinaridade.
- Papel facilitador do/a profesor/a

Cada unidade comezará cunha introdución que terá como propósito presentar o seu contido, conseguir unha certa motivación e promover actitudes positivas para a aprendizaxe. No desenvolvemento de cada contido, partirase de contextos do entorno e promoverase a observación de situacións concretas para obter conclusións matemáticas ou preparatorias de conceptos matemáticos.

O alumnado resolverá numerosos exercicios de aplicación directa dos contidos estudados e problemas para conseguir as destrezas necesarias e estimular o pensamento. Outras actividades: exercicios de aplicación práctica das técnicas e destrezas de cálculo propios da unidade; problemas de aplicación dos contidos en diferentes contextos e cuestións para aclarar os conceptos estudados e actividades para afondar nos mesmos.

Todo o recollido anteriormente xira en torno a unha regra básica: a necesidade de que o alumnado realice aprendizaxes significativas e funcionais.

No caso de que ao longo do curso se decreta a suspensión de clases nalgún nivel y/o curso, levaremos a cabo este traballo a través da aula virtual e de Edixgal.

3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizaranse todos os medios e recursos dispoñibles, cada un deles adaptado a unidade didáctica que se considere.

- *Propios do alumnado*: caderno, libro de texto, útiles de debuxo, calculadora. O alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO tamén utilizará o ordenador (Proxecto EDIXGAL)
- *Propios da actividade docente*:
 - Material audiovisual: vídeos, películas ou material informático como medio para buscar información ou para introducir un tema, resumilo ou simplemente para crear unha idea xeral do tema que se vai tratar na clase o que xa se tratou e provocar un pequeno debate de consolidación de conceptos
 - Poliedros e corpos de madeira ou metacrilato.
 - Programas informáticos como o Derive ou o Geogebra; Páxinas web; Libros de lectura: “El diablo de los números”, “Alicia en el País de las Matemáticas”, “El señor del cero”,...
 - Apuntamentos e boletíns de elaboración propia.

Os libros de texto de:

- 1º, 2º, 3º da ESO Proxecto EDIXGAL. O profesorado combinará os libros dixitais propostos neste proxecto con apuntamentos e boletíns propios.
- 4º ESO, Ed Vicens-Vives.
- Bacharelato: Mat II, libro SM

4. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

O aprobado tanto dunha avaliación, coma do curso, establécese, como mínimo, nun 5.

As aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro. De maneira excepcional poderase utilizar o seguinte criterio

{[Parte decimal $\geq 0,75$] \rightarrow aproximarase por exceso ao seguinte enteiro }

sempre que o profesorado considere que hai unha evolución positiva no/a alumno/a e contribúa positivamente ao desenvolvemento do/a mesmo/a O carácter excepcional desta medida fai que non se poderá utilizar habitualmente, é dicir, un/unha alumno/a non poderá

verse beneficiado/a pola mesma en tódalas avaliacións. Para calculala nota final de curso utilizarase a nota non aproximada de cada avaliación.

A cualificación numérica de cada avaliación calcularase da seguinte maneira:

1º e 2º ESO	
Probas escritas presenciais	50%
Probas escritas telemáticas	30%
Traballos e Observación na aula	20%
3º e 4º ESO Aplicadas	
Probas escritas presenciais	50%
Probas escritas telemáticas	30%
Traballos e Observación na aula	20%
3º e 4º ESO Académicas	
Probas escritas presenciais	60%
Probas escritas telemáticas	30%
Traballos e Observación na aula	10%
1º e 2º Bacharelato (Mat I – Mat aplicadas)	
Probas escritas presenciais	60%
Probas escritas telemáticas	30%
Traballos e Observación na aula	10%

Métodos Estatísticos e Numéricos (2º BAC)	
Probas escritas presenciais	45%
Probas escritas telemáticas	25%
Traballos e Observación na aula	30%

Se non se realiza ningunha proba escrita telemática, a porcentaxe desta proba sumarase ao apartado de probas escritas presenciais. Se non se realiza ningunha proba escrita presencial, a porcentaxe desta proba sumarase ao apartado de probas escritas telemáticas.

Ao alumnado de Bacharelato que asista a Reforzo valorarase o seu traballo a través de probas escritas, orais, traballos e/ou observación diaria. Este traballo puntuaranse sobre 1 punto. Incluírse no apartado de traballos e observación na aula da materia correspondente.

Os traballos non se recollerán fóra de prazo. Con carácter excepcional, recolleranse ao día seguinte cunha penalización dun 50% sobre a nota do traballo.

Os traballos de pendentos hai que entregalos en prazo xa que o alumnado disporá de máis de dúas semanas para facelos.

Por avaliación faranse, como mínimo, dous exames. O peso de cada exame:

- na ESO será o mesmo sobre a nota final da avaliación.
- no Bacharelato variará en función da cantidade materia que abarque cada exame. Establecerase como ponderación de partida: Ex1 40% + Ex2 60% entendendo que o segundo exame abarcará tamén a materia do primeiro. Se o profesorado quere cambiala deberá avisar ao alumnado con anterioridade.

Para calculala media de cada avaliación non é imprescindible unha cualificación mínima nos exames.

No caso de que algunha/s avaliación/s sexa na meirande parte telemática (a metade ou máis), aplicaranse as seguintes porcentaxes:

- Unha avaliación telemática. Esta pesará un 20% sobre a nota final. As outras dúas pesarán un 40%.
- Dúas avaliacións telemáticas. Estas pesarán un 25% cada unha. A outra pesará un 50% sobre a nota final.

Recuperacións. Terá que facela aquel alumnado cuxa nota da avaliación (NotaAv) sexa inferior a 5.

Haberá recuperación de cada avaliación por trimestres (no 1º e 2º trimestre, preferiblemente, á volta das vacacións). Este exame de recuperación (Recup1) abarcará a materia de todo o trimestre e valorarase sobre 10 puntos.

Cálculo da nota da avaliación despois de facelo exame de recuperación (NotaAv1).

1. No caso de que a nota de Recup1 \geq 5.
NotaAv1 = MAX (5, media aritmética entre nota final da avaliación (NotaAv) e nota do exame de recuperación (Recup1))
2. No caso de que a nota de Recup1 < 5.

$\text{NotaAv1} = \text{MAX}(\text{Nota final da avaliación (NotaAv)}, \text{media aritmética entre nota final da avaliación (NotaAv) e nota do exame de recuperación (Recup1)})$

A nota final de curso, NotaFin , calcularase como a media aritmética das notas finais das avaliacións.

No caso de que esta nota sexa <5 , o alumnado terá outro exame de recuperación (Recup2) que abarcará a materia de todo o curso.

a. Se a nota da Recuperación2 <5 .

$\text{NotaFin1} = \text{MAX}(\text{NotaFin}, \text{Nota Recup2})$

b. Se a nota da Recuperación2 ≥ 5 . $\text{NotaFin1} = \text{MAX}(5, \text{media aritmética entre nota final de curso e nota do exame de recuperación (Recup2)})$

O alumnado ao que esta nota lle saia inferior a 5 terá que facer o exame da convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria examinaranse da materia de todo o curso. A cualificación desta convocatoria será a que obteña neste exame que se cualificará sobre 10 puntos.

O alumnado de Bacharelato que queira subir nota poderá presentarse ás recuperacións por trimestres. Neste caso a nota da avaliación calcularase $\text{MAX}(\text{nota que tiña}, \text{media entre a nota que tiña e a nota da recuperación})$

Para os distintos niveis, os exames que se fagan serán os mesmos. Se por cuestións horarias non poden ser iguais serán o máis parecidos posible. Na convocatoria extraordinaria, tamén será o mesmo exame para os distintos grupos do mesmo nivel independentemente do/a profesor/a que lle imparta clase. O que se pretende é unificar criterios e estandarizar a ensinanza nese nivel.

5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para levar a cabo a avaliación da ensinanza e dos seus compoñentes desenvolveranse estratexias que permitan obter información significativa e continua para formular xuízos e tomar decisións que favorezan e melloren a calidade da mesma.

Para obter esa información empregaranse algunhas das seguintes técnicas:

- Observación directa (proceso de aprendizaxe dos alumnos) e indirecta (análises do contido da programación didáctica).
- Entrevista. Permitiranos obter información sobre a opinión, actitudes, problemas, motivacións, etc. do alumnado.
- Cuestionarios que complementen a información obtida anteriormente. Resulta de utilidade a avaliación que fai o alumnado sobre: iniciativas metodolóxicas, forma de avaliación, etc.

Para gañar en sistematicidade e rigor levarase a cabo o seguimento e a valoración do traballo do profesor apoiándose nos seguintes indicadores de logro:

- 1 = Escaso/non logrado
- 2 = Básico
- 3 = Satisfactorio
- 4 = Excelente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado				
Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado				
Establécense vías de cooperación efectiva coas familias para o desenvolvemento da educación en				

valores e no establecemento de pautas de lectura, estudo e esforzo na casa.				
Conseguiuse a participación activa do alumnado				
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				

Indicadores de logro da práctica docente

	1	2	3	4
Identifícanse na programación os obxectivos, criterios de avaliación, contidos e estándares de aprendizaxe aos que vai dirixida a mesma.				
Fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
Empréganse materiais didácticos variados en canto a soporte.				
Estimúlase o pensamento lóxico e creativo.				
Foméntase a educación en valores.				
Favorécese a participación activa do alumnado para estimular a implicación na construción dos seus propios aprendizaxes.				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa				
Propóñense actividades que estimulen as distintas fases do proceso de construción de contidos.				
Oriéntanse as actividades ao desenvolvemento das capacidades e competencias, tendo en conta que os contidos non son o eixe das tarefas de planificación				

Realízanse actividades para coñecer o nivel de coñecemento que ten o alumnado sobre cada tema				
Empréganse estratexias de avaliación oral e escrita.				
Elabóranse rexistros que axuden a identificar os avances e progresos do alumnado.				

A avaliación do proceso de ensinanza terá carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir modificacións que nos permitan a mellora de maneira continua. Con isto pretendemos garantir a calidade e eficacia do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades serán recollidos nas propostas de mellora da programación de cara a que cada curso escolar aumente o seu nivel de calidade a práctica docente.

6. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os contidos esixibles ó alumnado pendente serán os relativos aos Estándares de Aprendizaxe Mínimos detallados na Programación do curso 20-21. No caso do alumnado que teña pendentes do curso 19-20 , os contidos esixibles serán os establecidos na adaptación da Programación do curso 19-20.

Durante este curso, traballarase a materia pendente durante as dúas primeiras avaliacións.

A recuperación das materias pendentes farase a través dun exame e un boletín de exercicios por avaliación. Cada exame puntuarase sobre 8 puntos. Cada boletín, sobre 2 puntos.

Os datas dos exames fixaranse aproximadamente en: Novembro e Febreiro. Nestas mesmas datas o alumnado deberá entregar o boletín de exercicios correspondente ao profesor/a que lle imparta clase. É obrigatorio entregar os exercicios no prazo establecido. Non se recollerán fóra de prazo.

Cada profesor/a ocuparase dos seus alumnos/as de pendentes. O profesorado ten a obriga de darlles toda a información necesaria relativa á avaliación de pendentes (criterios, boletíns, datas) Informarase publicamente, con tempo suficiente, das datas dos exames.

Para aprobar a materia, deberán cumprir un destes criterios:

Criterio 1. O alumnado poderá recuperar a pendente por bloques. En cada bloque:

- Utilizarase como material didáctico un boletín de exercicios elaborado polo Departamento (un por bloque). Cada boletín puntuarase sobre 2 puntos.
- Farase un exame específico da materia suspensa por bloque. Cada un dos exames puntuarase sobre 8 puntos. En cada exame entrará a materia que se traballa nos boletíns correspondentes.
- Á nota do exame sumarase a nota do boletín. Se esta nota é igual ou superior a 5, terá o bloque superado.

Para calculala nota final farase a media aritmética dos dous bloques. Se esta nota é igual ou superior a 5, terá a materia superada. Se é inferior a 5 terá que presentarse ó exame de Maio.

O exame de Maio puntuarase sobre 8 puntos e abarcará toda a materia. A esta nota sumarase a media das notas dos boletíns. Se esta suma é igual ou superior a 5, terá a materia superada. Se é inferior a 5 terá que presentarse ó exame da convocatoria extraordinaria.

Criterio 2. Alumnado da ESO. Se o/a alumno/a aproba as dúas primeiras avaliacións do curso actual calcularase a seguinte nota: 80% da media das notas das avaliacións do curso actual + 20% media das notas dos boletíns. Se esta suma é igual ou superior a 5, terá a materia superada. Se é inferior a 5 non ten a materia pendente superada segundo este criterio e terá que presentarse ó exame da convocatoria extraordinaria.

Criterio 3. Se o/a alumno/a aproba o curso actual calcularase a seguinte nota: $\text{MAX}(5, 80\% \text{ da nota do curso actual} + 20\% \text{ nota boletíns})$. Se é inferior a 5 non ten a materia pendente superada segundo este criterio e terá que presentarse ó exame da convocatoria extraordinaria.

A nota da convocatoria extraordinaria. corresponderase coa nota do exame. Este exame abarcará toda a materia. Puntuarase sobre 10 puntos.

7. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS.

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado fará unha avaliación inicial, incidindo na obtención dos coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial poderá basearse en :

- Probas escritas. Serán presentadas ao alumnado có obxectivo claro de levar a cabo unha sondaxe global e non como un exame de tipo cualificatorio. Estas probas estarán deseñadas a partir dos contidos traballados nos cursos anteriores.
- Probas orais enfocadas do mesmo modo cá proba escrita.
- Na observación diaria.

Terase en conta a análise dos informes persoais do curso anterior e complementarase coa información que proporcione a persoa titora.

Deste xeito, o profesorado, coñecerá o punto de partida de cada alumno/a e o nivel de desenvolvemento do grupo.

Aqueles alumnos/as que non acaden os obxectivos marcados recibirán unha atención individualizada facilitándolle actividades de reforzo, sempre que isto sexa posible, sen interromper o normal desenvolvemento da clase.

Se observamos que o grupo, en xeral, non acada os obxectivos marcados reprogramaranse as unidades didácticas empezando a traballar ao nivel que marca a clase. Aínda así debemos acadar os obxectivos determinados para o curso.

Se observamos algún caso con moitas dificultades no proceso de aprendizaxe comunicaranse ao Departamento de Orientación e ao titor/a, có fin de tomar medidas que solventen esas dificultades.

A avaliación inicial farase tamén ao inicio de cada unidade didáctica.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da ESO. Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno a axuda pedagóxica que este necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Para responder a elas contarase co apoio no grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os desdobramentos de grupo e as medidas de reforzo.

Debe sinalarse que a atención a estes alumnos con necesidades específicas de apoio educativo non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental do centro educativo en xeral e de cada curso en particular, que persigue a educación integral de todos os alumnos e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

A organización da ESO permite que os alumnos dean resposta a esta diversidade mediante a elección de dúas modalidades en 3º e 4º da ESO:

- Matemáticas Académicas: orientadas cara ao Bacharelato
- Matemáticas Aplicadas: orientadas cara aos Ciclos.

Alumnado con necesidades educativas especiais. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos de conduta que afecten a súa aprendizaxe. Inclúense neste grupo alumnos que requiran determinadas medidas de atención por padecer discapacidade física, psíquica ou por manifestar trastornos da personalidade como TDAH ou autismo. Segundo o tipo e o grado de discapacidade tomaranse distintas medidas para adaptar tanto as instalacións como a metodoloxía da materia, podendo optar por flexibilidade temporal e de formato nas probas escritas e no uso de materiais adaptados ás necesidades do alumno. Por suposto, todas as medidas adoptadas tomaranse en coordinación co titor do grupo e co asesoramento do Departamento de Orientación.

Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso. Poderanse realizar *adaptacións curriculares* que se aparten significativamente dos contidos e criterios de

avaliación do currículo. Estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumno e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumnado. A avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

Programas específicos para o alumnado repetidor. O alumnado repetidor que así o requira seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades que presente.

Este programa incluírá actividades de aprendizaxe para realizar periodicamente. O profesor que lle imparte clase será o responsable da realización destas tarefas e o seguimento das mesmas.

Plan de reforzo para o alumnado que suspenda algunha avaliación. Establécese un Plan de Reforzo para o alumnado que suspenda algunha avaliación. Este programa incluírá actividades de aprendizaxe para realizar periodicamente. O profesor que lle imparte clase será o responsable da realización destas tarefas e o seguimento das mesmas. O/A alumno/a terá a obriga de facer todas aquelas actividades e exames, relativas a parte suspensa, que lle propoña o profesorado.

Medidas de atención á alumnos estranxeiros. Considerarase alumnado obxecto destas medidas a aquel que descoñeza o castelá, lingua na que se imparte a materia.

As medidas de atención ao alumnado estranxeiro, ademais do reforzo educativo na aula, son os grupos de adquisición de linguas.

Medidas de atención á alumnos con altas capacidades intelectuais. Considéranse alumnos con altas capacidades intelectuais aqueles que demostren posuír unha intelixencia moi superior á media. Con este tipo de alumnado, poderanse tomar medidas que supoñan unha “flexibilización” da duración do período de escolarización sempre e cando sexa autorizado pola autoridade competente. O profesorado poderá traballar actividades a maiores que supoñan un enriquecemento do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a. Por exemplo: lecturas, exercicios con un maior grao de dificultade, ampliación de contidos.

9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

As ensinanzas transversais abarcan os seguintes campos: educación moral e cívica, educación para a paz e a convivencia, educación ambiental, educación do consumidor, educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos, educación sexual, educación para a saúde e educación vial.

Faremos actividades co fin de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores e que atendan as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural e en permanente cambio.

Educación ambiental. O tratamento da educación ambiental pode facerse a través da realización de traballos, exercicios e problemas de temas relacionados coa protección do medio ambiente que leven ao alumnado adoptar actitudes positivas cara a estes temas. Algúns exemplos son o manexo de planos e mapas analizando a superficie devastada por incendios forestais ou aspectos relacionados coa conservación e defensa dos ecosistemas, así como a realización de estudos estatísticos acerca da evolución das reservas enerxéticas e outros recursos, do seu consumo en diferentes épocas ou da cantidade porcentual de produtos que se reciclan na localidade ou a comunidade autónoma.

Educación do consumidor. Poden estudarse aspectos económicos relacionados co consumo presentes na vida cotiá, como son a factura telefónica ou a eléctrica. O manexo das relacións de proporcionalidade nas súas diferentes formas de expresión: porcentaxes ou descontos, así como a presenza das distintas expresións numéricas (decimais, fraccións) en diferentes produtos, ofrecen boas situacións de aprendizaxe dalgúns contidos. Tamén a publicidade brinda excelentes oportunidades para interpretar e valorar representacións gráficas. Para rematar, o consumo intelixente, sobre todo o referido ao que realizan o alumnado de marcas e pezas de vestir, bebidas e alimentos que consomen, tipo de locais que frecuentan no seu lecer e estudio comparativo dos seus prezos, poden ser presentados na aprendizaxe dos contidos referidos á interpretación, representación e tratamento da información e do azar.

Educación moral e cívica. Os contidos referidos a normas, actitudes e valores teñen un claro compoñente moral e cívico. O gusto pola precisión, o rigor e a orde no traballo e na presentación das tarefas, a participación libre e responsable do alumnado, o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos outros, a puntualidade, etc. axudan a adquirir os hábitos necesarios para vivir nunha sociedade pluralista e democrática.

Algunhas das actividades referidas o seu contorno que poñan de manifesto a importancia da colaboración cidadá no mantemento da sociedade contribúen a que o alumnado adquira e desenvolva actitudes que contribúen a unha sólida educación moral e cívica. Entre outras, pódense citar a análise do orzamento económico do centro, estudando porcentaxes de gasto en partidas significativas máis relacionadas coas actitudes cívicas. Tamén na aula incidirase na necesidade de respecto polas opinións dos demais, o coidado dos bens colectivos, o rexeitamento da competitividade mal entendida, a aceptación de alternativas diferentes ás nosas para chegar aos resultados buscados, os hábitos de limpeza e orde na presentación de tarefas contribúen á formación de actitudes positivas para a vida en sociedade.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos. Débese falar sobre os criterios utilizados á hora de valorar ás persoas, con independencia do seu sexo, e fomentar un coñecemento máis obxectivo sobre os roles masculino e feminino. É conveniente favorecer distintos agrupamentos do alumnado na realización de traballos, orientar as decisións respecto ao futuro académico e profesional evitando estereotipos que asocian as matemáticas e as opcións ligadas a elas ao sexo masculino, así como propor a realización de traballos de campo relacionados coa non discriminación sexual: mulleres matemáticas na historia, estatísticas sobre salarios de homes e mulleres, porcentaxes de mulleres en paro en relación co total da poboación desempregada, etc.

Educación para a paz. Abordaremos temas relacionados coas condicións sociais nos países menos desenvolvidos, a situación dos refuxiados, os dereitos humanos, etc.

Educación para a saúde. Pódense analizar, desde o punto de vista cuantitativo, aspectos relacionados coa vida en equilibrio co propio organismo e coa contorna física e biolóxica, e propor actividades de aprendizaxe que favorezan hábitos e actitudes que conduzan ao benestar físico e psíquico. Pódense expor o estudo de enquisas, táboas e gráficas sobre hábitos de saúde do alumnado (tabaquismo, consumo de alcol) e a utilización de fraccións e porcentaxes para estudar a repercusión destes hábitos na aparición de determinadas enfermidades. Corrixiranse malas posturas á hora de sentarse polos problemas de costas que poden orixinar.

Educación viaria. As Matemáticas axudan a que o alumnado organice e trate a información referida a diferentes situacións de tráfico procurando o coñecemento e o respecto das normas de tráfico e a adopción de hábitos responsables de circulación.

Pódense planificar actividades relativas a cálculos de distancias, tempos e desprazamentos, simulación de situacións referidas a condicións de circulación e utilización da escala en mapas de estradas e cidades

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O Departamento participará un ano máis no proxecto “Hora de ler”. Cando toque hora de ler adicarase polo menos a metade da clase á lectura. O profesorado poderá utilizar como material para esa hora: artigos de periódicos con contido matemático, revistas matemáticas,...Ademais, temos outras actividades enmarcadas dentro do Plan Lector: Lectura comprensiva de enunciados de problemas, Lectura e interpretación de gráficos e táboas, Lectura e interpretación da linguaxe matemática,...

Non se vai establecer ningún libro de lectura obrigatoria. Recomendaranse libros de lectura tales como: “El diablo de los números”, “Malditas matemáticas”, “El señor del cero”, “El crimen de la hipotenusa”, “Arquímedes el despistado”, “El gran juego”,...

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Actividades enmarcadas dentro do Plan TIC.: Uso da calculadora. Utilización de programas informáticos (Cabri, Derive,...) cando se considere pertinente (Estatística, Xeometría, Funcións,).

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Posto que a convivencia e un adecuado clima escolar non son só un requisito senón tamén un fin da educación, dende o departamento de Matemáticas vemos necesario impulsar intervencións positivas neste ámbito.

Neste senso, o profesorado, a través do contido do currículo, da análise dos conflitos e do exercicio de prácticas metodolóxicas adecuadas, podemos contribuír a construír a convivencia.

Concretando algunha destas normas podemos falar de prestar especial atención ás seguintes:

- Cumprir o horario e o calendario escolar.
- Coidar o aseo e a imaxe persoal.

- Respectar as normas de educación no trato cós demais.
- Coidar o material de traballo.
- Respectar e manter limpas as dependencias que se utilicen.
- Non empregar o teléfono móbil nin calquera outro aparato como mp3, auriculares, etc. dentro do horario lectivo do centro.
- Respectar as intervencións de calquera compañeiro evitando as risas e comentarios innecesarios.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dacordo co proxecto lingüístico recollido na Programación Xeral Anual as Matemáticas e MEN impartiranse en lingua castelá.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso, dadas as circunstancias, de momento, non contemplamos ningunha actividade. De tódolos xeitos, se a situación cambia, propomos, dende o Departamento de Matemáticas:

- Participación en *concursos matemáticos* como Matemáticas na raia, Olimpíada matemática e Canguro matemático
- Concurso de microrrelato do número Pi (de organización propia)
- Concurso de *fotografía matemática* (de organización propia)
- *Visita guiada ó IGE*, onde se lles dan unhas noicións básicas de como funciona o sistema estatístico en Galicia e como se realiza unha enquisa.
- Buscaranse actividades para celebrar o Día mundial das Matemáticas. Por exemplo, ver unha película relacionada coas Matemáticas.
- Realizar a actividade “Mulleres matemáticas”, que pretende dar a coñecer aquelas mulleres que aportaron interesantes resultados á ciencia pero que permaneceron no anonimato.

Nas reunións de Departamento elixiranse as actividades que en cada momento se consideren máis apropiadas. Tamén se terán en conta outras propostas.

15.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación revisárase e avaliarase periodicamente nas reunións de Departamento. Poden servir para facer este seguimento os seguintes indicadores:

- Cumprimento das disposicións legais que determinan os elementos básicos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- Adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis de cada unidade didáctica.
- Valoración das medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares aplicadas.
- Valoración das estratexias e instrumentos de avaliación e indicadores de logro do proceso de ensinanza.
- Idoneidade dos materiais e recursos didácticos utilizados.

Os resultados obtidos nesas revisións recolleranse no libro de actas. Se a maioría dos membros do Departamento considera que se debe mellorar algún punto poderá levarse a cabo dita modificación sempre e cando sexa un beneficio para o alumnado.